

Buenos Aires 17-Io-1967.

Sr Don Valentín paz Andrade.
Poliecarpo Sanz, 22.

VIGO.

Benquerido amigo:

No meu poder a tua carta, dou comenzo ã miña agradecén-
doche de todo corazón as verbas lembrando coma sempre ao noso inesquecente.
Gracias Valentín. Chegarás a saber, que este aniversario resultou máis
«completo», val decir, que a nosa xente como de costume, programou os actos
da data 7, namentras o Centro Galego, rindeulle seu homaxe no domingo día 8.
Según opinión xeral, verificouse con altura, e o discurso do Presidente
dicen que foi moi bó, plasmando a figura de Castelao, sin faltarlle "ren" me-
nos a parte política que non contou- porque come ti sabes, é ahí precisamen-
te, onde a porca torce o rabo.... (Confidencialmente, TIVERON QUE AFOCIÑAR...
Pasando a outro tema, direiche que, pol-o que vexo fixen ben en mandarche
a copia do contrato, porque con esa xente, por formal que parezca, sempre hai
que se "coidar" Como Prada estaba ausente de Bos Aires cando o Sr Ortega
se puxo a fala connigo, non pudo enteirarse dos termos do contrato deica
agora, que ao seu regreso, pudo il tamén votarlle unha olleada á copia que
quedou no meu poder. Opina, atopando dende logo moi certa, a tua indi-
cación, de que en dito contrato tense que fixar prazo pra autorización. Ti
indicas 10 anos, é ben está, pero coida que abondarían cinco. Relendo o
orixinal firmado por Alianza Editorial, S.A. dámonos conta de duas cousas a
ouservar: o prazo do que dispondría a Editorial, de 2 anos, pra facer o adian-
to das 10 mil pesetas (Cláusulas 2 e 3) Pensamos que, o tal adianto, debía-
no facer ao firmarse o contrato según me tiña dito Alberto Miguez, que xa
non era de 10.000 pesetas, sinón que me tiña falado de 30.000 pagadeiras
nese mesmo intre..... A outra observación, é referente a clausua 5, ~~XXXXXXKN-~~
~~22~~ entendendo que se debería aclararen que condicións a Editorial exerce-
ría o dereito de prioridat? Pagando o que outro poidera ofrecer...? Con
estos datos que deixo apuntados, espero que ti me defendas, dentro do suxto
e razonable.

Temos unha tromenta tan brava enriba, que somentes nos tranquiliza o
pensar que servirá pra refrescar un pouco este calor de inferno que estamos
soportando. En cambio por carta que recibín de Ramón, e da miña familia,
vexo que por ahí a invernia e brava, aliviando un pouco a diferenca entre
o que eiquí estamos suportando.

Observando o destartalada que vai esta carta, pídoche que teñas un pouco
de pacencia pra ir interpretándoa. E que, a cada tanto estala un trono tan
«estrepitoso» que francamente mete medo.

Sin máis nada, e alledándome de que os tres titedes fortes, recibide unha
aperta garimosa de esta vella amiga

